



# MÚSICA



SEMANA DO 11 AO 15 DE MAIO

Como sabedes o próximo domingo, 17 de maio, celébrase o Día das Letras Galegas. Este ano non o podemos celebrar no cole, pero aínda así vamos a traballar co folclore popular galego. Ademais, levaremos a cabo o traballo relacionando a Educación Musical coa Educación Física, polo que debedes ter en conta as actividades das dúas materias.

**Primeira actividade (movemento):** como non podía ser de outra maneira, vamos a mover o esqueleto a ritmo de muiñeira.



**Para todos os cursos:** *Pousa*, Uxia Lambona e a banda molona.

<https://www.youtube.com/watch?v=CDdFdt2WUfE>

**Segunda actividade (audición e ritmo):** neste caso vamos a traballar a audición e o ritmo de forma conxunta. Ten dúas partes, que debedes facer todos os cursos:

- a) Debedes seguir o **ritmo** da muiñeira, tendo en conta o vídeo tutorial que tedes no documento de Educación Física.



*Muiñeira de Chao*, interpretada por Susana Seivane e Donal Lunny

<https://www.youtube.com/watch?v=piR6YAFuA3Y>

b) Coñecemos a **Susana Seivane**: é unha gran artista que leva a música galega por todo o mundo. Déixovos un enlace para que a coñezades mellor e a ver se sodes capaces de debuxar o seu instrumento favorito.



<http://www.susanaseivane.net/ga/web/portada.php>

**Terceira actividade (instrumento)**: a nosa zona xeográfica conta



cunha gran cantidade de instrumentos tradicionais. Algúns tiñanse que construír en talleres, pero hai outros que os temos pola casa. Fai un listado con dez instrumentos tradicionais galegos, e sinala, polo menos dous, que podamos ter polas nosas casas. Si necesitas axuda, non dubides en preguntalle aos teus pais ou avós.

Ainda así, pódovos unha páxina de internet, onde vades atopar unha chea deles, incluso podedes ver e escoitar como producen o son.

<http://www.consellodacultura.gal/asg/instrumentos/indice-de-instrumentos/>

Moitísimo ánimo a tod@s. Xa queda menos para  
vernos polo cole. Unha aperta enorme



Sara

#todovaisairben

#quedanacasa